



A efectos de coordinación, e como corresponde a unha institución sanitaria pública, lembrámosche que toda resposta ás demandas informativas por parte dos medios de comunicación, tanto locais como especializados, deben pasar polo Servizo de Comunicación e contar coa debida autorización da Dirección, cando a resposta a estas sexa en horario laboral ou obriguen ausentarse do posto de traballo.

Co mesmo obxectivo e por deferencia institucional, cando a atención aos medios de comunicación se efectúe fóra do centro e do horario laboral, pero implique a difusión de información, resultados, ou proxectos vencellados aos centros do Servizo Galego de Saúde ou ao desempeño profesional nestes, debe ser posto en coñecemento, con antelación, do Servizo de Comunicación ou a da Dirección correspondente.

Asemade, lembrámosche que non está permitida a realización de fotografías ou gravación de imaxes, sen autorización, por parte dos medios de comunicación ou particulares, nos centros e dispositivos asistenciais ou administrativos dependentes da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Como sempre, pregámosche traslades esta información a todos os membros do teu Servizo, na procura de que sexa coñecida e respectada por todos eles.

Ourense, 22 de xaneiro de 2013

Eloína Núñez Masid
Xerente de xestión integrada

